



# Indicadores de demografía empresarial

Resumo de resultados 27/01/2023

## Índice

Introdución.....	1
Número de empresas e taxas de nacemento e morte.....	1
Supervivencia.....	5
Taxa de actividade emprendedora.....	7
Resultados por municipios .....	8

## Introdución

Os [Indicadores de demografía empresarial](#) é unha actividade estatística que elabora o [Instituto Galego de Estatística \(IGE\)](#) con carácter anual.

O obxectivo desta actividade é proporcionar información agregada relativa ás empresas con actividade económica en Galicia (sen incluír o sector primario nin a administración pública), tendo en conta aspectos relativos ao dinamismo empresarial e aplicando unha metodoloxía acordada no ámbito da Unión Europea. Elabóranse indicadores relativos ao stock, nacementos, mortes e supervivencia das empresas a partir da explotación estatística do [Directorio de empresas e unidades locais](#).

## Número de empresas e taxas de nacemento e morte

O número de empresas con actividade económica en Galicia a principio do ano 2021 foi de 208.409, un 1,13% menos que no 2020.

O 78,89% destas empresas corresponde ao sector servizos, o 14,21% á construción e o 6,9% á industria.

A taxa de nacemento de empresas (cociente entre as creadas e as existentes a principio do ano) foi 7,75% no ano 2021. Pola súa parte, a taxa de mortes (cociente entre as empresas que desaparecen e as existentes a principio de ano) foi 9,17% nese mesmo ano. Como resultado, a taxa de crecemento neto foi do -1,42%.



O sector económico con mellor saldo demográfico empresarial no ano 2021 foi o sector servizos, cunha taxa neta do -1,28%.

### Número de empresas e taxas de nacemento e morte segundo o sector económico. Galicia. Ano 2021

Unidade: empresas, %

Variable	Total	Industria, incluída a enerxía	Construción	Servizos
Número de empresas a principio de ano	208.409	14.386	29.619	164.404
Taxa de nacementos (%)	7,75	4,69	7,92	7,99
Taxa de mortes (%)	9,17	7,28	9,52	9,27
Taxa neta (%)	-1,42	-2,59	-1,61	-1,28

Fonte: IGE. Indicadores de demografía empresarial ([descarga da táboa](#))

Tamén se pode analizar a evolución da demografía empresarial segundo o tamaño da empresa. Neste caso, todas as tipoloxías, agás as grandes empresas, rexistraron unha taxa de crecemento neto negativa entre 2020 e 2021. A tipoloxía das microempresas foi a que rexitou un valor para este indicador máis baixo: a súa taxa neta de crecemento situouse en -1,46 en 2021. No caso das grandes empresas a taxa neta en 2021 é igual a 0, o que quere dicir que o saldo creadas menos desaparecidas nese ano foi nulo: xurdiu igual número de empresas desta tipoloxía en Galicia que o número de desaparecidas.



## Número de empresas e taxas de nacemento e morte segundo o tamaño da empresa. Galicia. Ano 2021

Unidade: empresas, %


Variable	Microempresa	Pequena empresa	Mediana empresa	Gran empresa
Número de empresas ao principio de ano	198.604	8.205	1.354	246
Taxa de nacementos (%)	8,07	1,37	0,96	1,22
Taxa de mortes (%)	9,54	1,76	2,29	1,22
Taxa neta (%)	-1,46	-0,39	-1,33	0,00

Fonte: IGE. Indicadores de demografía empresarial ([descarga da táboa](#))

Ao analizar a evolución das taxas de nacementos e mortes de empresas, cómpre destacar que 2015 foi o primeiro ano dende 2008 no que a taxa de nacementos de empresas supera á de mortes. En 2020 a taxa neta foi negativa, rompendo desta forma cunha racha de cinco anos seguidos con taxas netas de crecemento positivas. En 2021 o valor deste indicador volveu ser negativo; situouse en -1,42%.

## Evolución das taxas de nacementos e mortes de empresas. Galicia

Unidade: %



Fonte: IGE. Indicadores de demografía empresarial ([descarga da táboa](#))

## Supervivencia

No ano 2021, das empresas creadas no ano 2020, permanecen abertas o 50,29%. Se analizamos a permanencia despois de 5 anos, pódese comprobar que o número inicial de empresas queda reducido ao 45,34%.

### Taxa de supervivencia ano a ano. Galicia

Unidade: %

Ano de nacemento	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
2013	100	76,8	66,89	58,73	51,42	47,57	43,10	42,09	39,95
2014	--	100,0	78,03	67,10	58,22	52,33	46,88	45,11	42,58
2015	--	--	100,00	77,84	58,26	50,76	44,34	41,75	39,04
2016	--	--	--	100,00	74,36	62,07	52,89	48,43	45,34
2017	--	--	--	--	100,00	60,65	50,59	44,00	40,38
2018	--	--	--	--	--	100,00	84,80	56,91	49,08
2019	--	--	--	--	--	--	100,00	61,68	54,00
2020	--	--	--	--	--	--	--	100,00	50,29

Fonte: IGE. Indicadores de demografía empresarial ([descarga da táboa](#))


Neste gráfico cuantifícanse as desaparicións das empresas nos catro primeiros anos de vida. Así, do total de empresas creadas no ano 2017, no 2021 só permanecen o 40,38%.

Por outra parte, ao considerar as empresas creadas no período 2006-2017, as que presentan un valor máis alto da taxa de supervivencia aos 4 anos son as creadas no ano 2007.

No ano 2021 a taxa de supervivencia das PEMES creadas no ano 2017 sitúase en 40,37%, mentres que no caso dos/das autónomos/as sitúase no 30,18%.

## Taxa de supervivencia aos 4 anos. Galicia

Unidade: %




Fonte: IGE. Indicadores de demografía empresarial ([descarga da táboa](#))

## Taxa de actividade emprendedora

A taxa de actividade emprendedora (TEA) mide a porcentaxe de poboación involucrada en iniciativas emprendedoras de menos de 42 meses de actividade, respecto da poboación activa. En Galicia este indicador sitúase no ano 2021 no 5,34% e presenta unha diminución respecto ao ano anterior.

### Taxa de actividade emprendedora (TEA). Galicia

Unidade: %




Fonte: IGE. Indicadores de demografía empresarial ([descarga da táboa](#))



## Resultados por municipios

### Taxa de crecemento empresarial por concellos

Unidade: %



Fonte: IGE. Indicadores de demografía empresarial (*descarga da táboa*)

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:  
[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Metodoloxia\\_Indicadores\\_Demografia\\_Empresarial\\_ga.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Metodoloxia_Indicadores_Demografia_Empresarial_ga.pdf)



---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto:

<https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>